

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 27 de maio de 2011

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 27/05/2011.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 27/05/2011.
- III. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 40 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o 22 de marzo de 2011.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria de Xunta de Escola celebrada o 22 de marzo de 2011.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- O cambio da perfilería da entrada principal do edificio.
- O cambio dos interruptores dos aseos por uns automáticos o que se extenderá a outras dependencias do edificio.
- Que se completou toda a sinaléptica do edificio.

3. Aprobación, se procede, de distintas cuestións referidas ao calendario escolar para o curso 2011-2012.

No que respecta ao calendario escolar para o curso 2011-12 a Xunta de Escola aprobou por asentimentos as seguintes cuestións:

- Decídese que Santa Bárbara se celebre o 5 de decembro de 2001.
- Decídese manter o comezo do curso para os estudos de Grao o 5 de setembro. Para os estudos de Enxeñaría de Minas, o comezo das clases será o 12 de setembro.
- O período de exames de decembro para a titulación de Enxeñaría de Minas abranguerá do 28 de novembro ao 3 de decembro, sen suspensión de clases nese período. Recoméndase aos profesores que traten de flexibilizar as súas clases durante ese período.

4. Modificación, se procede, do calendario de exames correspondente a este curso académico 2010-2011, convocatoria de setembro de 2011.

Para adecuar os espazos durante a convocatoria de setembro facúltase á Dirección para que proceda ás modificacións na convocatoria de exames de setembro que consideren oportunas, e que so afectarán á ubicación dos exames.

5. Aprobación, se procede, de nomeamento de coordinador/a do 2º curso dos graos impartidos nesta Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento da profesora Dona Carmen Pérez Pérez como coordinadora de 2º curso dos Graos que se imparten nesta E.T.S.E. de Minas.

6. Ratificación de acordos da Comisión Permanente da E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola ratifica os acordos de Comisión Permanente relativos a:

- Validación de prácticas en empresa de alumnos do Master "Tecnoloxías para a protección do patrimonio cultural inmovible" (Acordo da Comisión Permanente celebrada o 11 de maio de 2011).
- Modificación da guía docente da materia "Química" para o curso 2010-2011 (Acordo da Comisión Permanente celebrada o 12 de abril de 2011).

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Apróbase a documentación relativa ao plan de calidade que se achega como anexo IV a esta acta..

8. Rolda aberta de intervencións.

O profesor José María Correa felicita á Dirección polas medidas de aforro enerxético.

Tamén suxire a apertura dunha segunda porta nas aulas para facilitar a ventilación e refrixeración das mesmas ante a elevada temperatura reinante.

O director indica que se pode solicitar á oficina técnica, pero é seguro que existirán problemas de financiamento para esa obra.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 7 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, vinte e sete de maio de dous mil once.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 27/05/2011

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 27/05/2011

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 27/05/2011

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Araújo Fernández, María
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Carrillo González, Camilo José
7.	Cerdeira Pérez, Fernando
8.	Correa Otero, Antonio
9.	Correa Otero, José María
10.	García Bastante, Fernando
11.	Pena Uris, Gloria
12.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
13.	Rivas Brea, Teresa
14.	Saavedra González, Ángeles
15.	Taboada Castro, Javier
16.	Vázquez Dorrió,
17.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Arufe López, Álvaro
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Devesa Valledor, Ledo
4.	Faro Malvar, Diego
5.	Fernández Rodríguez, David
6.	Gómez Pereira, Laura
7.	Gómez Pérez, Gema
8.	González Fernández, Manuel Alejandro
9.	Puga Alonso, Javier
10.	Rodríguez Domínguez, Álvaro
11.	Silveira Loureiro, Javier
12.	Sobrino Vázquez, Pablo
13.	Veleiro Pinal, Iván
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	55
Asistentes	31

Escusan a súa asistencia:

- Ignacio Bajo Palacio
- José Durany Castrillo
- Fernando Manzanedo García
- José Bienvenido Díez Ferrer
- Eduardo Liz Marzán
- Enrique Orche García

ANEXO III

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas